

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA OBRAS DE MELLORA DA BIBLIOTECA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Boiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Boimorto para obras de mellora na biblioteca.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O obxectivo da reforma da biblioteca é lograr que desempeñe un papel fundamental na educación, na cultura e no acceso á información. Preténdese que a biblioteca non só proporcione acceso a unha ampla variedade de recursos e materiais, senón que tamén sexa un lugar comunitario onde as persoas poidan reunirse, aprender e conectarse. Para conectar coa comunidade, a biblioteca debe ser un lugar atractivo, relevante e participativo, que responda as necesidades e demandas da comunidade local. Coas actuacións de mellora da biblioteca municipal de Boimorto preténdese contar cun acceso accesible para todos a través dunha rampla exterior. Eliminar as escadas existentes por outras adaptadas así como un ascensor accesible que comunique o acceso coa planta primeira. Mellorar o estado da biblioteca é prioritario para garantir uns servizos de calidade que den resposta ás demandas das usuarias e usuarios.*

*Por todo o anterior, o concello de Boimorto é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

